



- NÚMERO DE HOMOLOGACIÓN: 938
- ORGANIZADORES:
 - **Federación Galega de Tenis**
 - **Club de Tenis Santo Domingo**
 - A Derrasa s/n, 32792. O Pereiro de Aguiar. Ourense
 - 988 38 00 43
- COMITÉ ORGANIZADOR: FGTeNIS, Javier de la Torre.
- XUÍZ ÁRBITRO: Carlos Coira.
- ADXUNTO: Marco Casal.
- XUÍCES ITINERANTES: Adrián Sampedro, Enrique Armendáriz
- CONTACTO:
 - Email: circuitoxuvenil@fgtenis.net
 - Teléfono: 667 688 432 (whatsapp)
- DATAS:
 - Do 22 ao 30 de xuño.
- INSCRICIÓN:
 - Na web: www.ibertenis.com ata o venres 14 de xuño.
 - Prezo das inscricións: 11€ por categoría. (máximo dúas categorías)
 - O pago da inscrición deberá realizarse a través da pasarela de pago da páxina www.ibertenis.com no momento de realizar a inscrición. Sen o abono, a inscrición non será considerada válida.
- CATEGORÍAS: Benxamín, alevín, infantil, cadete e Júnior masc. e fem.
- SUPERFICIE: Resina descubertas.
- BOLA OFICIAL: Babolat
- Os cadros, horarios e resultados serán publicados en: www.fgtenis.net e www.ibertenis.com

NORMATIVA

1. A competición aplicará as normas da R.F.E.T e do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat 2019.
2. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar neste torneo.
3. Sorteio: Luns 17 de xuño na Federación Galega de Tenis.
4. Datas de xogo: Do 22 ao 30 de xuño.
5. Horarios: A Federación Galega de Tenis poderá programar partidos de 10:00h a 21:00h.
6. Os horarios de xogo non serán oficiais ata as 19:00 h. do día anterior.
7. Todos/as os/as xogadores/as que teñan algún problema puntual de horarios deberán comunicalo no momento de facer a súa inscrición. Estas peticións deben ser por causas excepcionais.
A Federación non atenderá ningún cambio nin petición unha vez que os horarios sexan publicados. As observacións horarias que sexan expostas polos/as participantes unicamente serán atendidas se non afectan ao normal desenvolvemento da competición.
8. Os/as xogadores/as deberán revisar as listas de aceptación publicadas tralo peche de inscrición. Do mesmo xeito, será obriga dos/as xogadores/as informarse das datas e horarios dos seus partidos.
9. O Xuíz Árbitro poderá aplicar W.O. a todos/as os/as xogadores/as que non se presenten a xogar 10 minutos despois do momento de entrada na pista.
10. Os/as xogadores/as poderán inscribirse en dúas categorías
11. Os/as xogadores/as deberán vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes ao código de conduta. Non serán toleradas condutas inadecuadas e que non se axusten ao cumprimento das normas do tenis, deberá primar en todo momento o máximo respecto ao resto de compañeiros da competición, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
12. PREMIOS: Trofeos para os campións, campioas, subcampións e subcampioas de cada categoría.
13. O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
14. Todas as cuestións non establecidas neste Regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro ou polos adxuntos. As súas decisións serán inapelables.